

PAIXÓN DOS FORTES

[John Ford, 1946]

422

PASES EN NUMAX: 8, 13 e 23 de agosto | V.O.S.E.

My Darling Clementine (1946, 97')

Dirección: John Ford

Guión: Samuel G. Engel, Winston Miller (Historia: Sam Hellman. Libro: Stuart N. Lake)

Elenco: Henry Fonda, Linda Darnell, Victor Mature, Walter Brennan, Tim Holt, Ward Bond, Cathy Downs, Alan Mowbray, John Ireland, Grant Withers, J. Farrell MacDonald

Montaxe: Dorothy Spencer

Dirección de arte: James Basevi, Lyle R. Wheeler

Vestuario: René Hubert

Fotografía: Joseph MacDonald

Música: Cyril J. Mockridge

Produtoras: 20th Century-Fox Film Corporation (Estados Unidos)

Distribuidora: Classic Films

Formato de proxección: DCP2K, 1.37:1

Idioma orixinal: Inglés, español

FILMOGRAFÍA SELECCIONADA

O home que matou

a Liberty Valance, 1962

Centauros del desierto, 1956

El hombre tranquilo, 1952

Fort Apache, 1949

¡Qué verde era mi valle!, 1941

Las uvas de la ira, 1940

A dilixencia, 1939

PREMIOS E FESTIVAIS

National Board of Review 1946

(Top Ten), National Film Preservation

Board 1991

SINOPSE

A Wyatt Earp, antigo sheriff de Dodge City, ofrécenlle o posto de comisario da cidade de Tombstone, pero rexéitao porque lle interesa máis o negocio de gandeiro ao que se dedica cos seus irmáns. Porén, cando un deles morre asasinado, acepta o posto vacante e nomea axudantes aos seus irmáns. Contará tamén coa amizade e a colaboración dun xogador e pistoleiro chamado Doc Holliday.

«Obra mestra. Unha lección maxistral de como o espazo físico pode ser transformado para evocar a paisaxe psicolóxica dos personaxes que o habitan»

Matthew Connolly, SLANT



“Eu coñecín a Wyatt Earp”

John Ford

Nos primeiros días do cinema mudo Wyatt viña un par de veces ao ano saudar amigos, vaqueiros que coñecera en Tombstone, dos cales había moitos na miña compañía. Coido que eu era axudante de atrezzista daquela, e dáballe unha cadeira e unha cunca de café e el contábame o combate de O.K. Corral. Así que en *Paixón dos fortes* reproducimos exactamente o que aconteceu. Non se limitaron a cruzar a rúa e empezar a tiros, tratábase dunha hábil manobra militar.

Publicado en *John Ford*, Editorial Fundamentos (Madrid: 1997)

Un asunto de familia

Por Tag Gallagher

O título orixinal de *Paixón dos fortes* (*My Darling Clementine*) vén dunha coñecida canción folk. O filme está próximo á alegoría. Wyatt Earp abandona o posto de sheriff en Dodge City pero colle as armas

para combater os irmáns Clanton coa fin de asegurar a paz no mundo. A vitoria é terríbel, Wyatt ten que volver ao deserto, onda seu pai, deixando atrás a inocencia, a esperanza e a civilización en Tombstone.

Wyatt (Henry Fonda) combina a divindade de Lincoln, a paixón de Tom Joad e a franqueza de Ringo Kid. Como varios dos heroes fordianos chega do deserto, reconduce os desorientados e retoma a ruta. Wyatt encarna a necesidade do heroe fordiano de se instalar e a súa obriga de vagabundear. E outórgase o papel de anxo da garda. O que é inquietante é a identificación da xustiza coa vinganza, da legalidade coa moral do deserto. Wyatt obtén un permiso para arrestar a Clanton, mais rexeita a axuda oficial para enfrontar os asasinados de seu irmán porque é *estritamente un asunto de familia*, e atópase con oito mortos suplementarios. Da mesma maneira, o filme é no seu conxunto unha serie de sketches que ilustran tentativas, a meirande parte abortadas, de crear unha comunidade. O solipsismo e a soidade esparéxanse sobre este mundo precomunitario e precivilizado (*Dez mil cabezas de gando extraviadas*, canta Chihuahua).

É así que a xustiza no nome dos mortos semella absurda ao carón do desexo ardente por Clementine. Nese sentido, o filme non se decanta xamais entre as súas dúas historias, de amor e de guerra. E ao igual ca na guerra mundial, a única cousa peor que a vitoria sería a derrota. Como se buscasse as respostas, a cámara olla o ceo para logo, finalmente,

baixar á terra e afrontar a longa ruta. Un senso de xustiza superior á lei do home obriga a Lincoln a executar certas accións e leva tamén a Wyatt, ao igual que a Ringo Kid, a eliminar os asasinados de seu irmán. Porén, esta forma de xustiza é propia dun filme de terror, case tan terrorífico como un mundo no que os Clanton fosen libres. Ford mostra o peso do horror: un destino trágico agarda. Por desgraza, os Clanton non representan só o cumprimento do deber, son unha ameaza. Alíñanse no bar como as plumas dunha frecha, dispostos a bater en Wyatt. É o momento axeitado para recitar o *to be or not to be*, na que probabelmente sexa a mellor escena shakespeariana da historia do cinema. A música máxica que escoitamos é a melodía de *Oh My Darling Clementine* que non se atopaba no primeiro corte do filme. A versión final foi executada por Zanuck, que ademais cortou arredor de trinta minutos sobre a montaxe de Ford.

(...) En 1946, Ford, buscando a independencia ao igual ca moitos cineastas da época, declina o contrato anual de 600.000 dólares proposto por Zanuck e funda a súa propia compañía de produción, Argosy Pictures. Forman a compañía William Donovan, Ole Doering, David Bruce, William Vanderbilt e, case tan importante coma Ford, Merian C. Cooper, piloto de combate convertido en xornalista, gran documentalista (*Grass*, 1925), produtor-cineasta (*King Kong*, 1933) e promotor do Technicolor e o Cinerama.

Publicado en *John Ford, l'homme et ses films*, Tag Gallagher (Capricci: 2009)

NA LIBRARÍA NUMAX

John Ford, l'homme et ses films, Tag Gallagher. Capricci, 2014.

John Ford, Peter Bogdanovich Fundamentos, 1997

Centauros del desierto, Alan le May Valdemar, 2013

Sobre John Ford, Lindsay Anderson. Paidós, 2001

El hombre tranquilo, John Ford. Feel Films [Remasterizada DVD + BSO + Libreto]

Fort Apache, John Ford. Vértice [BluRay + DVD]

Escrito bajo el sol, John Ford. Feel Films [DVD]

Dos cabalgan juntos, John Ford. Feel Films [DVD]

El gran combate, John Ford. Warner Bros [DVD]

Pasaporte a la fama / Un crimen por hora, John Ford. Impulso [DVD]

Las uvas de la ira / Qué verde era mi valle / La mascota del regimiento / La ruta del tabaco / El caballo de hierro, John Ford. Fox [DVD]

Abónate
agora e ven
sempre por

4€

Novas tarifas
válidas a partir
do 6 de xullo

Faite
NUMAX!